



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA RR.HH PE0000	<i>Documento</i> 10818107JR
<i>Código de verificación</i>  0J4Y 6C1B 4809 5B6X 0V1L	<i>Expediente</i> 108/2023/411
	<i>Fecha</i> 12-07-2024

Tribunal do proceso selectivo convocado para elaborar unha listaxe de persoal funcionario interino para cubrir prazas de técnica/o auxiliar de bibliotecas da escala de administración especial, subescala servizos especiais auxiliar (subgrupo C1) (BOP núm. 41 do 01.03.2023)

O pasado 2 de xullo de 2024 publicouse o cadro das respostas correctas do cuestionario do primeiro exercicio, concedéndose un prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións.

Presentáronse en tempo e prazo alegacións a un total de 5 preguntas, acordando o tribunal **estimar as que afectan ás preguntas núms. 12 e 29, que se anulan**, e rexeitar as presentadas ás preguntas núms. 19, 57 e á pregunta de reserva núm. 1.

Polo tanto, o cadro de respostas correctas publicado inicialmente modifícase como se indica a continuación:

PREGUNTA	MODIFICACIÓNS
12	Anulada. Substitúese pola de reserva núm. 1
29	Anulada. Substitúese pola de reserva núm. 2

* Como anexo a este anuncio, recóllense as alegacións presentadas e os argumentos nos que se basea o tribunal para estimalas ou, no seu caso, rexeitalas.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

A secretaria do tribunal

Emma Fernández Fernández



RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS AO PRIMEIRO EXERCICIO

➤ **Pregunta núm. 12.** Os actos administrativos que impoñan unha obriga persoalísima de non facer ou soportar poderán ser executados:

- A) Por execución subsidiaria
- B) A través dunha multa sanción
- C) Por compulsión directa sobre as persoas cando unha lei expresamente o autorice
- D) Por prema sobre o patrimonio

A alegante considera que esta pregunta está fóra do temario toda vez que os epígrafes do tema 3 da parte común correspóndense cos capítulos I a V do Título IV da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas e a pregunta refírese ao capítulo VII que leva por rúbrica *Execución*.

O tribunal acorda **estimar** esta alegación e, en consecuencia, **anular** a pregunta núm. 12 que é substituída pola **pregunta de reserva núm. 1**.

➤ **Pregunta núm. 29.** O II Mapa de Bibliotecas de Galicia inclúe:

- A) Os recursos mínimos cos que deben contar os servizos bibliotecarios e a posición das bibliotecas públicas de Galicia con respecto a estes recursos
- B) O censo de bibliotecas galegas, un diagnóstico destas, os estándares que deben cumprir e as recomendacións para cumprir cos estándares
- C) O censo de bibliotecas públicas, os estándares e a planificación de actuacións en materia de bibliotecas públicas
- D) Todas son correctas

A alegante sinala, en síntese, que a opción B) sería unha resposta máis completa que a opción A), resposta sinalada polo tribunal como correcta no cadro de respostas.

Unha vez analizadas as catro opcións de resposta, o tribunal acorda **estimar** a alegación xa que a pregunta tería dúas respostas posibles (A e B) e non se recolle esta opción; anúlase a pregunta e substitúese pola **pregunta de reserva núm. 2**.



Concello da Coruña

➤ **Pregunta núm. 19.** Cales das seguintes características definen unha rede de bibliotecas públicas?:

- A) Misión única e compartida e xestión integral dos recursos
- B) Planificación estratéxica compartida e planificación anual diferenciada por cada punto de servizo
- C) Catálogo de servizos diferenciado para cada biblioteca de proximidade
- D) A e B son correctas

A alegante argumenta que a resposta máis completa sería a opción d) xa que, *segundo a información que se publica na páxina web das Bibliotecas municipais da Coruña e na da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, existirían diferenzas en canto aos servizos e actividades desenvolvidos nos distintos puntos de servizo /.../.*

Consideracións do tribunal. De acordo co documento [A biblioteca pública municipal: directrices para redes urbanas](#), que se recolle como bibliografía de referencia na [Nota informativa do temario](#), unha das características das redes de bibliotecas é precisamente "unha planificación anual compartida", e non diferenciada por cada punto de servizo.

En consecuencia, o tribunal acorda **desestimar** a alegación á pregunta núm. 19.

➤ **Pregunta núm. 57.** Unha persoa recentemente xubilada achégase a unha das bibliotecas municipais da Coruña e solicita información sobre as actividades nas que podería participar, cales lle dirías?:

- A) Club de lectura en voz alta se é unha persoa cun nivel de formación elevado, clases de alfabetización para persoas adultas se teñen dificultades para ler, comprender e expresarse por escrito e oralmente
- B) Clubs de lectura: xerais, cómic, clásicos; club de teatro
- C) Actividades dos programas Biblioteca Verde, Coa lingua de fóra e Achega
- D) Todas son correctas

O alegante indica que a resposta correcta debería ser a opción D) todas son correctas, xa que *non hai ningunha actividade que necesite uns requisitos concretos que unha persoa xubilada non poda cumprir para participar nelas. O enunciado non fai referencia a que actividades serían as máis adecuadas para unha persoa xubilada, senón que se pregunta en cales podería participar /.../*



Consideracións do Tribunal. A resposta A é incorrecta: o "Club de lectura en voz alta" é unha actividade dirixida a persoas con escolarización deficiente e non, como se recolle na resposta, "cun nivel de formación elevado".

A resposta C tamén é incorrecta xa que o programa Achega está dirixido a colectivos de persoas pertencentes a entidades de diversidade funcional, polo que unha persoa non podería participar individualmente nestas actividades.

Polo tanto, o tribunal decide **desestimar** a alegación á pregunta núm. 57.

➤ **Pregunta de reserva núm. 1.** Atendendo ao artigo 130.1 da Lei 57/2003 de medidas para a modernización do goberno local, cal dos seguintes non é un órgano directivo nos municipios de gran poboación?:

- A) O titular da asesoría xurídica
- B) Os membros da Xunta de Goberno Local
- C) O Secretario Xeral do Pleno
- D) Os coordinadores xerais de cada área ou concellería

A alegante entende que a pregunta está fóra de temario porque *"no programa de temas non se inclúe a Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local e sen embargo a pregunta nº 71 é sobre a dita lei"*.

Consideracións do tribunal. Aínda que a alegante refírese á pregunta núm. 71, enténdese que é a pregunta núm. 1 de reserva: o cuestionario consta de 70 preguntas e 7 máis de reservas, estando diferenciadas na folla de respostas.

No tema 4 da parte común, dedicado ao réxime local, inclúese como epígrafe o réxime de organización dos municipios de gran poboación, que se regula na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; en concreto, no seu Título X, que precisamente leva por rúbrica "Réxime de organización dos municipios de gran poboación"

O dito Título X é introducido polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, que unicamente reforma a LRBRL, norma que .

Polo tanto, o tribunal acorda **desestimar** a alegación á pregunta de reserva núm. 1.